

SUBGRUPO A2-TEMA 10-DISCAPACIDADE-GALEGO

TEMA 10- Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social

1. En base ao artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, existe discriminación indirecta:

- a) Cando unha persoa con discapacidade é tratada de maneira diferente por motivo ou por razón da súa discapacidade.
- b) Cando unha persoa con discapacidade é tratada de maneira menos favorable ca outra en situación análoga por motivo ou por razón da súa discapacidade.
- c) Cando unha disposición legal ou regulamentaria aparentemente neutra poidan ocasionar unha desvantaxe particular a unha persoa respecto doutras por motivo ou por razón da súa discapacidade, sempre que obxectivamente non respondan a unha finalidade lexítima e que os medios para a consecución desta finalidade non sexan adecuados e necesarios.

2. En base ao artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por medidas de acción positiva:

- a) Aquelas de carácter específico consistentes en evitar ou en compensar as desvantaxes derivadas da discapacidade.
- b) Aquelas de carácter específico consistentes en promover valores compartidos orientados ao ben común e á cohesión social.
- c) Aquelas de carácter específico consistentes en realizar as adaptacións necesarias no ambiente físico para facilitar a accesibilidade e a participación.

3. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por acoso:

- a) Toda conduta non desexada que teña como obxectivo ocasionar unha desvantaxe particular a unha persoa respecto doutras por motivo ou por razón de discapacidade.
- b) Calquera distinción, exclusión ou restrición que teña o propósito de obstaculizar ou deixar sen efecto o recoñecemento, gozo ou exercicio en igualdade de condicións polas persoas con discapacidade.
- c) Toda conduta non desexada relacionada coa discapacidade dunha persoa que teña como obxectivo ou consecuencia atentar contra a súa dignidade ou crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.

4. De acordo co artigo 4 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as normas que regulen os beneficios ou medidas de acción positiva:

- a) Poderán determinar os requisitos específicos para acceder a estes.
- b) Non poderán determinar os requisitos específicos para acceder a estes.
- c) Non poderán determinar o recoñecemento do grao de discapacidade dos solicitantes, salvo que se lles recoñecese un grao igual ou superior ao 45 %.

SUBGRUPO A2-TEMA 10-DISCAPACIDADE-GALEGO

5. En base ao artigo 11 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, nos plans de prevención de deficiencias e de intensificación de discapacidades:

- a) Estableceranse de modo específico as accións destinadas ás zonas rurais.
- b) Non se incluírá a seguridade e saúde no traballo.
- c) Non se incluírá a asistencia xeriátrica.

6. En base ao artigo 12 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os equipos multiprofesionais de atención á discapacidade:

- a) Son os órganos encargados de establecer os criterios para o recoñecemento da incapacidade permanente no grao de total.
- b) Son unidades da Administración xeral do Estado que actúan no ámbito de todo o territorio nacional, encargados da rehabilitación profesional.
- c) Son os órganos encargados de valorar e cualificar as situacións de discapacidade para o seu recoñecemento oficial polo órgano administrativo competente.

7. En base ao artigo 18 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a escolarización en centros de educación especial ou unidades substitutorias destes só se levará a cabo cando, excepcionalmente, as súas necesidades non poidan ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade dos centros ordinarios e tomaranse en consideración:

- a) A opinión dos pais ou tutores legais.
- b) Os informes do consello escolar.
- c) Os informes do consello escolar e dos equipos multiprofesionais de atención á discapacidade.

8. En base ao artigo 21 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, apoiar os centros docentes no proceso cara á inclusión e, especialmente, nas funcións de orientación, avaliación e intervención educativa, para contribuír á dinamización pedagóxica, á calidade e á innovación educativa, son funcións específicas de:

- a) Os equipos multiprofesionais de atención á discapacidade.
- b) Os multiprofesionais de atención á discapacidade, co apoio da dirección dos centros educativos.
- c) Os servizos de orientación educativa.

9. De acordo co artigo 23 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a regulación das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación que lles garantan os mesmos niveis de igualdade de oportunidades a todas as persoas con discapacidade corresponde:

- a) Ao Goberno, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas e ás entidades locais
- b) Ás comunidades autónomas, sen prexuízo das competencias atribuídas ás entidades locais.
- c) Ás comunidades autónomas.



SUBGRUPO A2-TEMA 10-DISCAPACIDADE-GALEGO

10. De acordo co artigo 26 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as normas técnicas sobre edificación incluírán previsións relativas ás condicións mínimas que deberán reunir:

- a) Os edificios públicos e as instalacións administrativas para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.
- b) Os edificios e as vías públicas para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.
- c) Os edificios de calquera tipo para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.

11. De acordo co artigo 35 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as cláusulas dos convenios colectivos, os pactos individuais e as decisións unilaterais do empresario que dean lugar a situacións de discriminación directa ou indirecta desfavorables por razón de discapacidade, nos ámbitos do emprego, en materia de retribucións, xornada e demais condicións de traballo:

- a) Entenderanse nulos e sen efecto.
- b) Terán a consideración de acoso.
- c) Serán admisibles cando sexan proporcionados e necesarios.

12. En base ao o artigo 38 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, confeccionarase un rexistro de traballadores con discapacidade demandantes de emprego, incluídos no rexistro de traballadores desempregados:

- a) Por parte dos servizos públicos de emprego ou entidades colaboradoras.
- b) Por parte dos servizos públicos de emprego, coa colaboración das organizacións, entidades e asociacións de utilidade pública máis representativas das persoas con discapacidade e as súas familias.
- c) Por parte dos servizos públicos de emprego e co consentimento previo dos devanditos traballadores.

13. De acordo co artigo 48 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, teñen dereito a uns servizos e prestacións sociais que atendan con garantías de suficiencia e sustentabilidade as súas necesidades, dirixidos ao desenvolvemento da súa personalidade e á súa inclusión na comunidade, para incrementar a súa calidade de vida e benestar social:

- a) As persoas con discapacidade e as súas familias.
- b) As persoas con discapacidade e as súas familias, así como as asociacións que os representen.
- c) As persoas con discapacidade.

14. De acordo co artigo 52 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, ditarán as normas específicas correspondentes e establecerán as condicións de todo tipo que deberán reunir os centros ocupacionais para que sexa autorizada a súa creación e funcionamento:

- a) As comunidades autónomas.
- b) O Goberno, sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás entidades locais.
- c) As administracións públicas, de acordo coas súas competencias.

SUBGRUPO A2-TEMA 10-DISCAPACIDADE-GALEGO

15. Conforme ao artigo 54 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, participarán na preparación, elaboración e adopción das decisións e, se é o caso, das normas e estratexias que lles concirnen:

- a) As persoas con discapacidade maiores de idade e as súas familias, a través das súas organizacións representativas.
- b) As persoas con discapacidade, a través das súas organizacións representativas.
- c) As persoas con discapacidade, incluídos os nenos e nenas e as súas familias, a través das súas organizacións representativas.